

A función de relación-José Luis

É a función que serve para responder ao medio externo e nalgúns casos ao medio interno. Nela interveñen os órganos dos sentidos, o sistema nervioso e o aparello locomotor.

Os órganos dos sentidos son os órganos que captan a información do que ocorre no exterior grazas á acción das células receptoras, que mandan a información a través dos nervios.

O sistema nervioso está composto polo tecido nervioso, que está formado por unhas células chamadas neuronas. Teñen varias partes:

- **O corpo.** É onde están os orgánulos e o núcleo.
- **As dendritas.** Son unhas prolongacións que reciben información dos órganos dos sentidos ou doutras neuronas.
- **O axón.** É unha prolongación que envía información aos órganos ou a outras neuronas. Forman os nervios.

Tamén hai dous tipos de sistema nervioso.

- O sistema nervioso central. Está composto por:
 - **O encéfalo.** É o principal órgano de control do noso corpo.
 - O cerebro. Recibe a información e garda a memoria.
 - O cerebelo. Coordina os movementos e mantén o equilibrio.
 - O bulbo raquídeo. Dixere moitos órganos do noso corpo.
 - **A medula espiñal.** Empeza no encéfalo e remata no final das costas.
- O sistema nervioso periférico. Está composto por:
 - **Nervios sensitivos.** Levan información ata o sistema nervioso central.
 - **Nervios motores.** Levan as ordes desde o sistema nervioso central ata os músculos e os órganos.

O aparello locomotor está formado polos músculos e os ósos. Os ósos únense nas articulacións grazas aos ligamentos e os músculos xúntanse con eles grazas aos tendóns. Ademais, os extremos dos ósos están cubertos de cartilaxe, que é un tecido moi elástico que tamén se atopa nas orellas e no nariz. Produce o movemento grazas

ao traballo conxunto dos ósos e dos músculos. A maioría dos movementos ocorren grazas aos músculos antagonistas, que son os que fan movementos opostos.

Os movementos poden ser voluntarios ou reflexos. Os voluntarios son os que realizamos conscientemente e os reflexos son os que realizamos sen pensar, automaticamente.

A coordinación interna é o proceso mediante o cal diríxense conxuntamente as actividades que ocorren no medio interno. Nela interveñen os músculos involuntarios e o sistema endócrino. Os músculos involuntarios son os que non forman parte do aparello locomotor e que están dirixidos polo sistema nervioso. O sistema endócrino está formado por uns órganos chamados glándulas endócrinas. Fabrican unha substancia, as hormonas, que verten no sangue. Hai varios tipos de glándulas endócrinas:

- **A hipófise.** Produce as hormonas que dirixen ao resto das glándulas endócrinas e tamén a do crecemento.
- **A tiroide.** Produce as hormonas que fan que aproveitemos os nutrientes axeitadamente.
- **O páncreas.** Fabrica as hormonas que regulan a cantidade de azucre que temos no sangue.
- **Os ovarios ou testículos.** Producen as hormonas sexuais, que dirixen a aparición dos caracteres sexuais.